

*Miguel Ángel García Fustes ("Maikol"), da "Casa Lolita", que servía comidas á comunidade educativa do Instituto.*

## "Aqueles alumnos e profesores eran un sustento económico moi importante para unha familia coma a nosa"

Miguel Ángel García Fustes, de nome familiar "Maikol", naceu en 1968 en Guildford - Surrey (Inglaterra). Súa nai tamén tiña un nome no carné oficial (Dolores Fustes Ríos) e outro polo que era moito máis coñecida ("Lolita"). Orixinaria de Ortigueira (1944-2009), migrou para a Coruña con tan só 12 anos e sete anos máis tarde (con 19) na capital provincial casou con Jaime García e xuntos marcharon para Inglaterra en 1964.

En Inglaterra, Lolita e Jaime traballaron no sector hostaleiro; ela como camareira e el como cociñeiro. Como tantas outras familias, todo cambiou cando naceron os fillos e tiveron que decidir onde asentarse definitivamente. Nese momento, impúxose a chamada das raíces e o retorno produciuse xusto cando en Ortigueira botaba a andar un instituto de ámbito comarcal que influiría notablemente nas súas vidas. Diso falamos con Maikol no momento en que xa pasaron 40 anos.

*Cando retornastes para Ortigueira e que vínculos tivestes co Instituto?*

Retornamos no 1977. Daquela comezou xa a servir comidas no escolar vello para os rapaces que cursaban daquela FP no mesmo local en que hoxe está a Escola de Música. Se non lembro mal, cando se abriu o instituto, seguiu servindo comidas durante un ano máis neste mesmo edificio. No ano seguinte pasou a facelo na nosa casa, na rúa Manuel San Domingo (xunto ao Campo de San Roque).

*O do Restaurante foi despois...*

Foi despois. No ano 1981 abriu na praza de Isabel II un pequeno restaurante que se chamou "Casa Lolita". Seguiu servindo comidas a alumnos e tamén a moito profesorado. Que eu lembre, estivo nel ata o ano 1987, mais ou menos. Terán pasado por aqueles comedores seguro que mais de 200 alumnos e mais de 40 profesores.

*Tan vinculada estaba á comunidade escolar que despois encargouse do bar do Instituto.*

Iso foi máis tarde. Fixose cargo do bar do Instituto durante dous anos: 2007 e 2008.

*Cóntanos como recordas a etapa inicial.*

Os anos que eu mellor lembro van do 82 ao 85, xustamente nos que eu estiven no Instituto. A grande maioría dos mestres facían vida na Vila e viñan case todas as noites tomar a cunca de viño ao noso bar. Non só ao noso bar, senón tamén aos outros e daban unha vida que xa quixésemos agora.

*Cóntanos algunha curiosidade, que seguro que recordas un cento delas.*

Conto. No curso escolar 85-86 estivo como profesor Jorge Peteiro, que era cliente

habitual do bar. Ten contado miña nai que algunha vez pagaba as tapas con bocetos que el creaba alí mesmo na barra. Parece ser que dicía: “Lolita, veño sen cartos. Págoche cun boceto”. Anos despois, cando miña nai soubo do valor que podían ter aqueles rascaños, dedicou un día enteiro buscando neles e non atopou ningún.

*Ademais de para os que pasamos polas súas aulas, o Instituto foi moi importante para moitas outras persoas.*

Sen dúbida. Aqueles alumnos e profesores eran un sostento moi importante, economicamente falando, para unha familia como a nosa e como moitas outras.